

REGULAMENTO OFICIAL

LIGA OCR OURENSE 2026

1. Introducción e obxecto da Liga

A Liga OCR Ourense nace no ano 2026 como a primeira liga provincial de carreiras de obstáculos da provincia de Ourense, coa vontade de estruturar, reforzar e dar continuidade a un deporte en claro crecemento no territorio.

A Liga ten como obxectivo principal unir nun mesmo marco competitivo tres probas xa consolidadas —Cavernícola Race, A Revolta Irmandiña e Uros Race— creando unha clasificación común que mellore a experiencia das persoas participantes, favoreza a progresión deportiva e proxecte Ourense como un territorio de referencia estatal no ámbito das carreiras de obstáculos.

A Liga OCR Ourense aposta por un modelo aberto, gratuíto e accesible, que combina competición e participación, poñendo en valor tanto o rendemento deportivo como a comunidade que rodea este deporte.

2. Organización e ámbito de aplicación

A Liga OCR Ourense actúa como entidade coordinadora da competición, sendo responsable de:

- Establecer o calendario oficial da Liga.
- Definir as categorías, o sistema de puntuación e as clasificacións xerais.
- Publicar rankings, comunicados oficiais e información de interese para as persoas participantes.
- Resolver incidencias relacionadas coa clasificación e puntuación da Liga.

Cada unha das probas integrantes da Liga mantén a súa propia organización, regulamento específico, sistema de cronometraxe, control de obstáculos e procedemento de reclamacións durante a carreira.

A Liga tomará como referencia exclusiva as **clasificacións oficiais publicadas por cada evento** para elaborar os rankings e puntuacións da tempada.



3. Probas integrantes da Liga OCR Ourense 2026

A primeira edición da Liga OCR Ourense estará composta polas seguintes probas:

- **Cavernícola Race** – Barbadás – 9 de maio de 2026
- **A Revolta Irmandiña** – Verín–Monterrei – 14 de xuño de 2026
- **Uros Race** – Toén – 13 de setembro de 2026

Só estas probas serán puntuables para a clasificación xeral da Liga.

4. Participación e requisitos

A participación na Liga OCR Ourense é **totalmente gratuíta**.

Poderán participar na Liga todas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter **16 anos ou máis** no momento da primeira competición (Cavernícola Race).
- Estar correctamente inscritos en cada unha das probas a través das plataformas oficiais de cada evento.
- Estar rexistrados previamente na Liga OCR Ourense nas seccións habilitadas por cada carreira no momento da inscrición.
- Participación baixo responsabilidade propia.

As persoas menores de 18 anos deberán cumprir as condicións específicas establecidas pola organización de cada carreira (autorizacións, distancias permitidas, etc.).

A inscrición na Liga implica a aceptación íntegra deste regulamento e dos regulamentos propios de cada proba.



5. Categorías da Liga

A Liga OCR Ourense establece tres categorías diferenciadas, con clasificación masculina e feminina nas categorías competitivas.

5.1 Categoría Élite

Categoría de máximo nivel competitivo. As persoas participantes deberán competir nas tandas e condicións establecidas como Élite pola organización de cada proba.

5.2 Categoría Starter

Categoría competitiva intermedia, dirixida a atletas que desexan competir con clasificación e puntuación, sen esixencias propias da categoría Élite.

5.3 Categoría Popular

A súa participación será recoñecida mediante premios e mencións especiais de carácter colectivo ou simbólico.

6. Inscripción na Liga e adscrición de categoría

Para poder optar á puntuación e á clasificación xeral da Liga, cada persoa participante deberá competir nas tres probas do calendario dentro da mesma categoría (Élite ou Starter).

A categoría elixida será a que a persoa participante seleccione no momento da inscrición individual en cada carreira, sendo responsabilidade do atleta asegurarse de manter a mesma categoría ao longo de toda a tempada.

As persoas que participen en diferentes categorías ao longo das probas non poderán optar á puntuación nin á clasificación xeral da Liga, aínda que si poderán figurar nas clasificacións propias de cada carreira segundo o seu regulamento específico.

A inscrición na Liga OCR Ourense será de carácter gratuito. Para poder puntuar e figurar nas clasificacións oficiais da liga, será obrigatorio inscribirse en cada tempada.



Cada corredor ou corredora quedará rexistrada na base de datos oficial da Liga OCR Ourense, a través dos medios que habilite a organización, facilitando os seus datos persoais e escollendo a categoría na que desexa competir.

A Liga OCR Ourense non organiza directamente ningunha das probas que a compoñen, limitándose a establecer un marco común de competición, clasificación e puntuación. As organizacións de cada carreira serán as responsables de facilitar os resultados oficiais, a partir dos cales a coordinación da liga elaborará e publicará as clasificacións xerais.

7. Sistema de puntuación

A puntuación por carreira será a seguinte:

- 1º posto: 100 puntos
- 2º posto: 92 puntos
- 3º posto: 86 puntos
- 4º posto: 82 puntos
- 5º posto: 80 puntos
- Do 6º ao 50º posto: descenso progresivo dun punto por posición
- A partir do posto 51: 25 puntos por finalizar a proba

As persoas descalificadas (DSQ) ou que non finalicen a proba (DNF) non obterán puntuación.

8. Clasificación xeral e requisitos mínimos

A clasificación xeral da Liga obtense mediante a suma das puntuacións acadadas nas tres probas do calendario.

Para optar aos premios finais da Liga será necesario puntuar **nas tres probas**.



9. Criterios de desempate

En caso de empate a puntos na clasificación final, aplicarase a seguinte orde de desempate:

1. Maior número de mellores posicións (máis primeiros postos; se persiste, máis segundos, etc.).
2. Mellor posición obtida na última proba do calendario da Liga.

10. Recoñecementos e premios

A Liga OCR Ourense contará con premios para as categorías Élite e Starter, así como recoñecementos especiais na categoría Popular.

Entre os recoñecementos da tempada inclúese, entre outros:

- **Premio ao equipo máis numeroso**, considerando clubs, boxes, ximnasia ou grupos de adestramento que manteñan a mesma denominación ao longo da tempada.
- Mencións especiais orientadas á participación, ao espírito deportivo e á comunidade.

Os detalles concretos dos premios iranse desglosando nas redes sociais da Liga ao longo do desenvolvemento da tempada.

11. Reclamacións e revisións

As incidencias relacionadas coa carreira (obstáculos, penalizacións, cronometraxe) deberán tramitarse ante a organización da proba correspondente.

As reclamacións relativas á **clasificación ou puntuación da Liga** deberán presentarse no prazo máximo de **72 horas** desde a publicación oficial do ranking provisional, achegando a información necesaria para a súa revisión.



12. Conduta deportiva e medio natural

A Liga OCR Ourense desenvólvese integramente en contornas naturais e rurais, que forman parte esencial da identidade das probas e do propio espírito da competición. A protección destes espazos é unha responsabilidade compartida por organización, voluntariado e persoas participantes.

As persoas participantes comprométese a manter unha conduta respectuosa coa organización, co voluntariado, co resto de atletas e co medio natural, evitando calquera acción que poida provocar danos no entorno.

En particular:

- Está terminantemente prohibido tirar residuos (envases, xeles, cintas, luvas, etc.) fóra das zonas habilitadas.
- Deberán respectarse os percorridos marcados, evitando atallos ou accesos a zonas non autorizadas.
- Será obrigatorio seguir en todo momento as indicacións da organización e do persoal de control ambiental da proba, se o houberse.

Calquera comportamento antideportivo ou acción que supoña un impacto negativo sobre o medio natural poderá implicar a descalificación inmediata da carreira e, de ser o caso, a retirada de puntos na clasificación da Liga, sen prexuízo doutras medidas que poida adoptar a organización do evento.

A Liga OCR Ourense entende o deporte ao aire libre como unha ferramenta para poñer en valor o territorio e comprométese a promover boas prácticas ambientais entre todas as persoas participantes.

13. Dereitos de imaxe e protección de datos

A inscrición na Liga OCR Ourense implica a autorización para a captación e uso de imaxes e vídeos das probas con fins informativos e promocionais da propia Liga.

Os datos persoais serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos e utilizados unicamente para a xestión da competición e publicación de resultados deportivos.



14. Modificacións e forza maior

A organización da Liga OCR Ourense resérvase o dereito de modificar o presente regulamento, o calendario ou o formato da competición por causas xustificadas ou de forza maior, comprometéndose a comunicar calquera cambio polos seus canles oficiais.



AURUM TERRAE
LIGA OCR DEPUTACIÓN DE OURENSE



DEPUTACIÓN
OURENSE